


Festas na Escola

OS MAIOS



COLECTIVO "OLLO DE SAPO"

MARÍA PILAR LORES TORRES
XOSÉ CARLOS MORGADE MARTÍNEZ



OS MAIOS



Colectivo "Ollo De Sapo"

Mª Pilar Lores Torres

Xosé Carlos Morgade Martínez

ILUSTRACIONES

Xaime Aseme

IR INDO EDICIONES

Este libro recibiu unha axuda á edición
da Dirección Xeral de Política Lingüística,
Consellería de Educación da Xunta de Galicia

© IR INDIO EDICIÓN S. A.
Avda da Florida, 30 - 36210 Vigo
Tel.: 986.2112.12 • Fax: 986.21.11.33

© M^a Pilar Lores Torres
Xosé Carlos Morgade Martínez

Ilustracións: Xaime Asensi
Maquetación: Xesús M. Arana
Revisión lingüística: Dolores Miloro
Editor: Bieito Ledo

Fotomecánica: Dixital 21
Impresión: Imagraf
Encadernación: Grapha

Dep. Legal: VG-724-98
ISBN: 84-7680-265-X

Índice



As festas do Ciclo de maio	5
Os maios	11
Educación Infantil	47
Primeiro Ciclo de Educación Primaria	73
Segundo Ciclo de Educación Primaria	93
Terceiro Ciclo de Educación Primaria	117
Educación Secundaria	135
Pasatempos do maio	139
Obradoiro	149
Textos etnográficos	159
A música dos maios	175
O maio na literatura	177
Refraneiro	183
O maio en discos	185

As festas do ciclo de maio

As orixes

Qui distintas teorías entre os antropólogos sobre as orixes das festas de maio; mentres algúns autores, como Risco ou Cuevillas, defenden a procedencia céltica, outros, coma Le Goff, establecen os seus antecedentes nas festas clásicas (gregas e sobre todo romanas); mesmo Vicetto chega a propoñela procedencia centroeuropea, quizais sueva. Posiblemente tódolos autores teñan ben fundamentadas as súas teses e as festas relacionadas coa agricultura e o espertar da vida vexetal fosen celebradas en case tódolos pobos de tradición agraria.

Deste xeito tódolos antropólogos coinciden en salientar que existe un ciclo de festas relacionadas co espertar da natureza e a chegada do bo tempo; este ciclo é situado por Julio Caro Baroja(1) entre mediados de abril e mediados de maio e coincidiría coas celebracións romanas en honra de Ceres, deusa da agricultura, e na tradición cristiá comenzaría polo San Xurxo, o 23 de abril, con remate na festa da Ascensión, a mediados de maio. Algúns autores prolongan o ciclo deixa a festa de San Xoán, no solsticio de verán, co que cinguen na mesma alínea as celebracións da xermolación e da floración das plantas.

Un pequeno grupo de antropólogos(2) sostén que estas festas están constituídas por un ritual animista para asegura-lo agromar das sementes e o crecemento dos animais, ofrecendo, por medio das ceremonias que se celebran, homenaxe ós espíritos de plantas e animais.



En todo caso é indiscutible a celebración, nas festas do ciclo de maio, do espertar da natureza, a protección de vexetais e animais, e mesmo a celebración do inicio do amor, nun contexto dinamizado pola ledicia perante o alvorexar da vida nova.

As Manifestacións

En Galicia tiveron tradicionalmente moita forza as distintas manifestacións do ciclo de maio, se cadra polo carácter eminentemente agrario da sociedade tradicional galega. Clodio González Pérez(3) clasifica estas manifestacións en:

1-Manifestacións agrarias

Abundantes noutro tempo, hoxe xa desapareceron ou consérvanse illadas nalgúns zonas rurais. Entre elas podemos citar:

- a) Alumea-lo pan.- É un rito que inda hoxe se conserva nalgúns zonas de Outes, Rois e Negreira. Na noite anterior ó 1º de maio os veciños saen con fachos de colmo ou palla polas terras cultivadas e realizan unha cerimonia de protección ás sementes para afastar delas os perigos que as poidan estragar.
- b) Os ramos.- Consiste no costume, que inda pervive en moitos lugares de Galicia, de poñer ramos de xesta ou codeso nas terras cultivadas, especialmente despois de sementadas.

2-Manifestacións pecuarias

Como exemplo delas está o costume de deixar sen ata-



lo gando o día 3 de maio, día da Santa Cruz, ou enfeita-lo con flores ou poñerlle algún sinal. Tamén se poñen ramos nas cortes do gando ou nos apeiros de labranza.

3-Manifestacións mariñeiras


Son escasas, xa que se considera que o peixe neste mes non está en comida. Reducíanse a poñer ramos nos barcos cando se remataban de construír ou a facer maios con forma de barco.

4-Manifestacións lúdicas

Son as que mellor se conservan e, xa que logo, as máis coñecidas popularmente. Os maios son o exemplo máis significativo, coa función de anunciar o rexurdimento da vida vexetal e a despedida do inverno. Poden ter diversas formas:

- a) Os arcos.- Xa escasos hoxe en día, facíanse arcos engalanados con flores e follas que se colocaban en prazas e camiños. Tamén había o costume de cubri-los de certos lugares con flores e follas.
- b) A árbore de maio.- Costume xa case desaparecido, consistente en erguer nun lugar céntrico e visible (unha praça, un outeiro) unha árbore derramada de tódalas pól as agás as do curuto. Algunhas veces se lle colgaba un boneco, o "maio".
- c) Os maios.- Son a expresión máis enxebre, da que falaremos más adiante.

Segundo Ciclo de Educación Primaria



A RODA DA PRIMAVERA.

É un xogo dramático. Os rapaces disfrázanse de elementos da natureza (plantas, flores, animais) usando material que teñan na aula. Unha vez disfrazados, fan unha roda collidos das mans, agás un que fica fóra: a Primavera. Bailan ó son dunha música relacionada cos maios e vanse mesturando sen soltarse. A Primavera ten que desenlealos sen desface-la roda.

Despois escollemos algúns dos elementos da roda que teña relación co maio (pampillo, fiúncho, laranxa...) e tódolos rapaces deben disfrazarse dese elemento, imitando o rapaz en tódolos xestos e movementos.

Facendo a imitación formamos de novo a roda e, como a Primavera está lonxe, volve a enlearse e despois a Primavera ten que desface-lo nó. Podemos repeti-lo xogo mudando de rapaces.

1- Sen desface-la roda, imos dicindo en voz alta nomes de obxectos de formas variadas. Cando escoiten o nome dun obxecto circular, erguen as mans entrelazadas e berran "¡coroa!".



Segundo ciclo de Educación Primaria

2- Sen desface-la roda, os rapaces séntan e estudian unha foto ou debuxo dun maio cónico, facéndolles ve-las formas, as cores, as texturas e os materiais.

3- Cada rapaz collerá unha goma de 2 m. de longo e ten que atala polos extremos. Despois colócanse en grupos de 4 ou 5 nenos e fan a forma cónica dun maio prendendo a goma nun pé e estendéndo-a cunha man ata xuntar tódalas mans.

4- Baila o maio.

Partindo da posición anterior e coa axuda de instrumentos de percusión, imos marcando un ritmo e os rapaces teñen que xirar seguindo as ordes que reciban:

5 pasos esquerda, 1 dereita.

3 pasos dereita, 6 esquerda.

etc.

5- Os maios humanos.

Xuntámo-los rapaces en grupos de tres; en cada grupo un rapaz, coa goma prendida nos dous pés separados e as mans unidas e estiradas enriba da cabeza, túmbase encol dun papel de envolver e os outros dous fanlle a silueta, usándoa despois como figura de maio que pintarán con témperas entre os tres.



O MAIO HUMANO

Antigamente moitos maios se celebraban vestíndose un dos nenos de maio, como pasaba en Compostela. O pícaro que facía de maio ía cuberto de flores e follatos, de xeito que semellaba un peregrino, mesmo co bordón tamén adornado. Na cabeza levaba unha boa coroa floral, feita case tan só con lirios e espadanas. As cantigas ou coplas acompañábanas con golpes de paos, mentres o maio estaba no medio da roda, saudando coa cabeza ós espectadores. Sempre comezaban a actuación cantando:

maio: ¡Cantarán o maio!

coro: ¡E más ben cantado!

Adaptado de Clodio González Pérez

Os maios 1985

1-Exercicio de comprensión:

I- Os rapaces antigamente vestíanse de maios en muitos sitios, por exemplo:

- a) Ferrol. b) Compostela. c) Carracedo.

II- ¿De que ía cuberto o maio?

- a) De flores e froitos.
b) De flores e ovos.
c) De flores e follatos.



Segundo ciclo de Educación Primaria

III- A coroa que levaba o maio no curuto estaba feita de:

- a) Camelias e fiúncho.
- b) Lirios e espadanas.
- c) Ovos e laranxas.

IV- As cantigas cantábanse acompañadas de:

- a) Golpes de paos.
- b) Golpes de pés.
- c) Golpes de tambor.

2- Busca no diccionario as seguintes palabras e con elas constrúe un conto:

follato

peregrino

bordón

roda

3- Subliña no texto 10 palabras que teñen relación co maio (materiais, formas, cores, verbos, etc).

4- Busca neste maio 6 palabras relacionadas con el.

maio

flor

pao

copla

lirio

ovo







5- Busca palabras que rimen con elas e enche as rodas:

Lirios -indios

Coplas



flores

ovos





6- Remuíño de palabras. Poñer palabras polisémicas:



7- Completa as frases con cada parella de palabras:

- | | |
|------------|---|
| para-parra | Eu _____ un cóbado no _____. |
| mira-mirra | Levei abono _____ a _____. |
| caro-carro | O Rei Negro _____ ó Neno e dálle a _____. |
| curo-curro | Se non boto auga na tarteira, _____ o _____ de pescado. |
| toro-torro | Merquei un _____ moi _____. |





8- Palabras semellantes.

No texto hai dúas palabras que soamente se diferencian nunha letra e teñen significados distintos. ¡Búscasas!

* Pon tres diferencias entre as dúas.

9- As letras do maio:

-Escribe palabras que conteñan cada letra:





10- Xogamos co maio:

Levántate maio.

Xogo de relaxación e expresión corporal en parella. Un dos nenos de cada parella fará de maio, deitado no chan. O mestre contará a historia do espertar do maio en primavera, o que dará pé para que o outro neno da parella axude ó maio a erguerse. Convén que haxa unha música axeitada de fondo e que as accións indicadas polo mestre sexan puntuais e progresivas. P. ex. o maio vai espertando, o corpo vaise espreguizando, abre os ollos, ergue a man, etc. Unha vez rematado, as parellas poden mudar de personaxe.

11- Xogos de roda

¿Cantos xogos de roda coñeces ti?

- * Pregunta na túa casa ós teus pais e avós a que xogos de roda xogaban eles. Fai unha ficha de cada un.

Nome do xogo: _____

Número de participantes: _____

Tipo de participantes: _____

Cantiga: _____

Xeito de xogar: _____



12- Xeroglifos.



- a + NOME

¿Que trouxeches para face-lo maio?



¿Cantas trouxeches?



Segundo ciclo de Educación Primaria

XOGAMOS COS NÚMEROS

13- Para disfrazar a Fernando de maio fixeron falta:

-4 ducias de flores. -2 centos de follatos.

-Para a coroa usaron:

-medio cento de espadanas.

-2 decenas e 6 unidades de lirios.

-Pon á beira de cada cantidade o nome que corresponda:

26 _____ 50 _____ 48 _____ 200 _____

-¿De que material levou máis?

-¿Pasaban de 50 as flores?

-¿Que levou menos?

-¿Cantos lirios faltaban para ter 5 decenas?

-Se lles sobraron 94 follatos ¿Cantos colleran?

14- Cada rapaz da roda leva 2 paos. Sabendo que cantan o triple de nenos que dedos temos nunha man ¿Cantos paos precisan?


15- Para remata-la coroa precisamos tres espadanas.

Dunha usaron $\frac{2}{4}$, doutra $\frac{3}{5}$ e da terceira $\frac{6}{6}$.

Debúxaas.


16- ¿Cantos espectadores contemplaban o maio?

$$(74 + 309 + 87) \cdot (720 - 696) = \text{espectadores}$$




17- Para decora-la coroa en forma de floreiro traballan tres rapaces.

- Cada rapaz precisa cinco laranxas. ¿Cantas laranxas usan?
- Na cesta hai 12 ovos para a coroa. ¿Cantos tocan a cada rapaz?



18- Camiño torto.

Busca o percorrido que fixo Fernando ata chegar á praza. Tés que pasar por tódalas frechas e unha soa vez por cada sitio.



¿Cantas árbores hai no percorrido? Fai a solución cunha multiplicación.



19- Inventa a cantiga.

Segue ti o diálogo do texto entre o maio e o coro.

+ Maio -

* Coro -

+ -

* -

+ -


* -

...

20- Frases a golpes.



Facemos frases de oito golpes (sílabas), escribindo cada golpe dentro de cadanxeu globo.

Exemplo:





21- O refrán encaixado.



22- Escribe o refrán aquí. Logo ponlle unha cruz ás frases que lle son sinónimas.

- En maio vou de viaxe.
- En maio mellora o tempo e podo saír.
- En maio visto o saio.
- Saio máis tempo fóra da casa.

23- Conto colectivo.

- Empezámolo do seguinte xeito:

¿Sabedes onde estaban esta cala e o pampillo? A cala estaba plantada no xardín da avoa de Antón, que tódalas mañás ía xunta ela ver como medraba. Na beira do xardín tiña a tía Isolina unha veiga e naceu alí este pampillo. Así miraba tódolos días a Antón que falaba coa cala...

- Que os nenos continúen o conto.



24- Desfeita.

Dividímo-lo conto anterior en parágrafos. Escribímoslos en cadanxeu folio para que os rapaces fagan o debuxo alusivo.





25- Historia gráfica.

Con tódalas ilustracións anteriores facemos un mural que siga o fío da historia. Despois entre todos conta-ranlle a historia a través do mural ós rapaces de Educación Infantil.

26- Busca o teu ritmo.

Dispoñémo-lo grupo en roda cun alumno no medio. O mestre elabora tantas tarxetas como alumnos hai, repetindo varias veces ritmos sinxelos. Repartimos cadansúa tarxeta ós rapaces. Eles estudian o ritmo da súa tarxeta e interprétano, con sílabas rítmicas. O do medio debe buscar un compañoiro que leve o mesmo ritmo có da súa tarxeta.

Ex.




27- A pelexa de coroas.

Agrúpanse os alumnos por parellas, cos brazos cruzados e de crequenas, e enfrontados tentan de tirarse mutuamente ó chan.



28- Recontando os materiais.

Realizamos un reconto do material que precisamos para face-lo maio. Elaboramos unha gráfica de barras.



29- As cores e as cantidades.

Pinta da mesma cor os maios que conteñan a mesma cantidad, tras realiza-las operacións.

$$(40 \times 2) + 10 = 90$$

$$(4 \times 8) + 7 = 39$$

$$(60 : 2) - 5 = 25$$

$$(12 \times 10) - 30 = 90$$

$$(3 \times 9) + 11 = 38$$

$$(120 : 2) - 10 = 50$$


$$(7 \times 5) + 15 = 40$$




Segundo ciclo de Educación Primaria

30- Localización.

Este é un plano da nosa vila, por onde vai andar o maio.



- ¿Cantos cadros ten o plano? ¿Cantos lle faltan para 200?
- Colorea os edificios, as rúas e as prazas en cores diferentes. Sitúa os seguintes edificios:
O campo de fútbol: (,) O colexio: (,)
A igrexa: (,) A Casa do Concello: (,)
- O maio vai concursar á Praza do Concello, pero párase en diversos lugares para cantar. Escribe as cuadrículas polas que terá que pasar en cada etapa:
Do colexio ó parque Do parque á igrexa
Da igrexa á panadería Da panadería á Praza do Concello
- Localiza o que ocupan as seguintes cuadrículas:
(L,5) (I,2) (F,6) (A,6) (G,1) (N,1)
- Inventa ti un percorrido distinto para o maio, citando as cuadrículas polas que pasa.
(,) (,) (,) (,) (,) (,)
- Ceba a túa imaxinación e inventa unha historia. ¿Quen vive en (D,2)? ¿A que se dedica? Debuxa a súa casa.
- ¿En que cuadrícula che gustaría vivir a ti? ¿Por que?



31- O maio é...

O maio é doce como ...
O maio é acedo como ...
O maio é sólido como ...
O maio é ruidoso como ...
O maio é verde como ...

32- O maio nas historietas gráficas.

O maio gusta de aparecer nos debuxos en tiras. Atopou bailando soltos estes globos. Úsaos ti e colócaos en viñetas, debuxando os personaxes. Mesmo podes facer unha tira con todos eles.



33- Descubre a mensaxe.

Alguén encheu esta mensaxe de erres. Descubre o que pon.

OsmmaiosmdemPortomarínsómcontan
mcormcoplasmtradicionais,msemcríti-
camnirnmdenunciam.Cínguensemamdicir
mquenchegoumommaiomemampedirm-
maiiasmoum maiolas



34- Completa os datos da mensaxe.

O maio de

coplas

chegou a

piden ou

35- As maiolas son.....

Dentro gardan moitas cousas. ¿Cantas palabras es
quen de facer combinando as súas letras?

MAIOLAS =

36- Portomarín é o nome dunha vila luguesa.

Hai moitas vilas galegas que comezan por Porto....


Atoparás algunhas no mapa. Escríbeas.

37- En Portomarín os maios son humanos.

Tamén o son noutras vilas, como Santiago de Compostela, Ribadeo, Viana do Bolo, Viveiro, Pontedeume, A Coruña, Lugo, Monforte de Lemos, Mondoñedo. Por parellas busca-
de estas vilas e cidades nun mapa de Galicia e rodeade o
seu nome. Os que primeiro as localicen serán os encarga-
dos de colocar no mapa da aula a situación con tacholas
de cor.

38- ¿Cal é a provincia galega onde os maios non son
humanos? ¿Atopas algunha explicación? A resposta está
aquí, pero tela que ver nun espello.

zobesvupiF zoisM nsF sibesvstnoP nE



39- Baloncesto de significados.

Cada un debe pensar un significado do adxectivo "figurado" e escribilo nun papel. Despois deberán encesta-lo papel na papeleira. Os que acerten leran o seu papel. No taboleiro facemos unha lista de significados, unificando os repetidos. Comentámoslos e ó cabo buscamos no diccionario as acepcións que trae e discutímoslo.

40-

OS MAIOS FIGURADOS

Fai de maio unha figura xeralmente piramiforme ou coniforme. Tamén poden ser doutro tipo: monumentos artísticos, personaxes populares, etc, aínda que a estes últimos tamén lle chaman "artísticos". Verbo dos maios humanos, á maior facilidade de movimentos hai que engadi-lo encanto das coplas feitas de novo tódolos anos, un costume nacido o derradeiro tercio do século XIX entre os maios burgueses das cidades.

Hai ou houbo destes maios nas seguintes poboacións: Pontevedra, Ourense, Marín, Redondela, Vilagarcía de Arousa, Sanxenxo, Combarro, Poio, Caldas de Reis, Portosín, Vigo, etc, xunto cos que tiñan tradición de maios humanos e foron mudando ós figurados: Santiago, Verín, Noia, Betanzos, Celanova, Monforte, O Barco, etc.

Adaptado de A festa dos maios, de Clodio González Pérez, 1989



Segundo ciclo de Educación Primaria

* Piramiforme e coniforme son dúas palabras compostas.

Escribe o seu significado:

pirami + forme = forma de pirámide

coni + forme = forma de cono

pisci + forme =


multi + forme =


cunei + forme =

fusi + forme =

41- Formas.



Escribe o nome de obxectos que teñan estas formas:





42- Mans á obra.

Fai ti un maio. Decórao, recórtalo e pégalo.





43- Maio artístico.

Preparade na aula unha campaña electoral para elixir un monumento ou personaxe para un maio artístico. En pequenos grupos elaborade un slogan para defende-la vosa proposta. Por quenda, defende ante os demais a vosa elección. Se cómpre, farase unha elección final do maio da clase.

44- Cifras e letras.

Pon en cada letra as cifras que faltan para poder completar as igualdades:

Terceiro Ciclo de Educación Primaria



COPLAS DE MAIO

Aí vén o maio
galán e florido.
Pola lúa chea
naceu pequenijo.

Aí vén o maio
florido e galán.
Tódalas rapazas
amores lle dan.

O maio burleiro
que rico que vén.
Din que trae as flores,
din que trae o mel.

Din que trae as herbas
para namorar
e o caravel roxo
da beira do mar.

O maio dos ventos,
señor capitán.
Bótelle as maiolas
da hucha do pan.

Álvaro Cunqueiro
Mondoñedo 1934



1- Vocais fuxidas.

A estas coplas de Álvaro Cunqueiro o vento levoulle as vocais que faltan. Poñédelas entre todos ou repartide cada copla a un grupo:

-- v_n _ m_--
g_l_n _ fl_r_d_.
P_l_ l_ ch_--
n_c_-- p_q_ n_ñ_.

-- v_n _ m_--
fl_r_d_ _ g_l_n.
T_d_l_s r_p_z_s
_m_r_s ll_ d_n.

_ m_-- b_rl_ _r_
q_-- r_c_ q_-- v_n.
D_n q_-- tr_ _ s fl_r_s,
d_n q_-- tr_ _ m_l.

D_n q_-- tr_ _ s fl_r_s
p_r_ n_m_r_r
_ _ c_r_v_l r_x_
d_ b_ _r_ d_ m_r.

_ m_-- d_s v_nt_s,
s_ñ_r c_p_t_n.
B_t_ll_ _s m_ _ l_s
d_ h_ch_ d_ p_n.



2- O Pictomaio.

Asignamos unha copla a cada grupo e dámoslle unha cartolina ou folla tamaño DinA3. O grupo debe escribi-la copla copiando en letras grandes ou recortando palabras de titulares de revistas. Os substantivos e adjetivos debe procurar substituílos por debuxos, feitos por eles ou recortados. Con tódalas follas facemos un mural.

3- O maio burleiro.

A terminación -eiro pode ter diversas significacións: oficio (augardenteiro), calidade (pequeneiro), xentilicio (betanceiro) ou lugar (maleteiro). Ponlle o sufijo ás seguintes palabras e escribe o seu significado:

burla
lúa
caravel
mar
vento
A Habana
alto
pan

4- Pola lúa chea.

¿Chea de que? ¿De que pode estar chea a lúa? Colle un calendario e busca en que fase está a lúa no día de hoxe. Completa o cadre do mes e colorea a fase na que andamos.



MES DE

Fase lunar.....

Data de inicio

Símbolo.....

5- Galán e florido.

Substitúe esta parella de adjetivos por outras:

Aí vén o maio _____ e _____.

_____ e _____.

_____ e _____.

6- O maio acentuado.

Busca nas coplas palabras dos tres grupos:


Esdrúxulas	Graves	Agudas

7-Esculca a razón.

¿Por que "lúa" leva til?

- Porque é moi presumida.
- Porque é aguda e remata en vocal.
- Porque ten un hiato.
- Porque é grave.

Refraneiro




- A vella en maio inda queima o tallo
- Cando en maio hai lama, inda algo se gaña.
- Días de maio tan longos sodes, que morro de fame e morro de amores.
- Días de maio, días de desventura: inda non amanece e xa é noite escura.
- En maio calquera besta é cabalo.
- En maio de meu caio, xa coa maiola, xa co traballo.
- En maio inda a vella quenta o saio.
- En maio inda bebe o boi no prado.
- En maio non quites o saio.
- En maio o garabanzal, nin nado nin por sementar.
- En maio sae o polbo do zamaio.
- En maio xa saio.
- Garda pan para maio e leña para todo o ano.
- Maio é o mellor mes do ano.
- Maio fai as apostas e abril lévallas ás costas.
- Maio festeiro bota a roca no trasfogueiro.
- Maio longo, San Xoán redondo.
- Maio maial, se vén como debe, non ten rival.
- Maio maieiro, aquí caio, alí me deito.
- Maio non endereita o ano.
- Maio, o longo.
- No mes de maio, nin egua nin cabalo.
- O día da Santa Cruz vai ver se a túa viña reluz.



Refraneiro

- O mellor trasfogueiro, en maio para mim o quero.
- O que en maio non merenda, ós mortos se encomenda.
- Pola Santa Cruz de maio o lobo e o corvo nado e o raposo medio criado.
- Se marzo maiea e maio marcea, ¡pobres dos pobres que viven na aldea!
- Se non houbera maio, non habería ano malo.
- Tras de maio vén San Xoán.
- ¡Ben veñas maio, o mellor mes de todo o ano!
- ¡Maio maiolo, oxalá duraras o ano todo!

O maio en discos



* **Brath:** Kalaikía. LP, Fonogram, Madrid 1982.

Tema: Primaveira. Letra e música: Eloi Caldeiro.

* **Doa:** Perfiles. LP, Sociedad Fonográfica Asturiana 1986.

Tema: Maio. Instrumental.

* **Dolores Plata:** Lúa descolorida. LP, Edigal, Madrid 1985

Tema: Maio longo. Letra: Rosalía de Castro, Música: Rodrigo Romaní

* **Emilio Cao:** Amiga alba e delgada. LP, Edigal. Madrid 1985

Tema: Sol de maio. Instrumental. Música: Emilio Cao

* **Luís Emilio Batallán:** Ahí vén o maio. LP, Movieplay, Madrid 1975

Tema: Ahí vén o maio. Letra: M. Curros Enríquez Música: L. E. Batallán

* **Muxicas:** O demo fungón. LP, Edigal, Madrid 1988

Tema: Maio. Cancioneiro de Casto Sampedro e Folgar.

* **Muxicas:** Muxicas. LP, Edigal, Madrid 1986

Tema: O maio de Vilalba. Música: Francisco Blanco

* **Na Lúa:** A estrela de maio. LP, Edigal, Madrid 1987

Tema: Maio. Tradicional.



O maio en discos

Tema: Non ven al maio. X. Paz Antón.

Tema: Maio, maduro maio. José Afonso

Tema: A estrela de maio. X. Paz Antón

* **Na Lúa:** Na Lúa. LP, Edigal Madrid

Tema: Vértolas de maio. Antón Rodríguez

* **Xocaloma:** Rosas de luz. LP, Sons Galiza, 1990


Tema: Maio longo. Letra: Rosalía de Castro .Música: Rodrigo Romaní

Bibliografía



ETNOGRÁFICA


- CARO BAROJA, JULIO: *La estación de Amor. Fiestas populares de mayo a San Juan.* Ed. Taurus. Madrid 1979.
- FERNANDEZ ESPINOSA, LUIS M^a.: *Canto popular gallego (colección de temas musicales y coplas gallegas).* Madrid 1940.
- FILGUEIRA VALVERDE, XOSÉ: *A festa dos maios. Papeletas de folklore galego.* Arquivo do Seminario de Estudos Galegos I. Santiago de Compostela, 1927.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *A festa dos maios.* Colección Raigame, nº 1. Ed. Ir Indo. Vigo 1989.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *A festa dos maios en Galicia.* Ed. Deputación Provincial de Pontevedra, 1989.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *As festas cíclicas do ano.* Manuais do Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela, 1992.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *A música popular na sociedade rural. Home, espacio e terra en O feito diferencial galego, II A música.* Vol.1. Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela 1998
- GREGORIO FERNÁNDEZ, EMILIO R.: *Os maios. Notas para un estudio do ciclo de maio.* El Museo de Pontevedra, tomo 26, 1972.
- LÓPEZ DE SOTO, XAQUÍN: *Os maios en Pontevedra entre 1848 e 1853.* Casal de Edicións. Pontevedra 1992.
- RISCO, VICENTE: *Etnografía: cultura espiritual,* en *Historia de Galiza* de R. Otero Pedrayo, vol. 1. Akal Editores. Madrid 1979
- SAMPEDRO Y FOLGAR, CASTO: *Cancionero popular de Galicia.* Fundación Barrié de la Maza. A Coruña 1942.
- TORNER, Eduardo M./BAL y GAY, Jesús: *Cancionero Gallego.* Fundación Barrié de la Maza. Madrid 1973.



Bibliografía

DIDÁCTICA

- COLOMER, JAUME: *Fiesta y escuela. Recursos para las fiestas populares.* Colección El Lápiz. Ed. Graó. Barcelona 1987.
- GONZÁLEZ PÉREZ, CLODIO: *Os maios. Papeis de Educación/2.* Ed. Concello de Santiago. 1984.
- TARRÍO FERNÁNDEZ, JOSÉ ANTONIO: *Cultura, Educación e Tradicións Populares en Galicia. Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 50.* Ed. do Castro. Sada 1989.



ESTE LIBRO RECIBIU LINHA AXUDA Á EDICIÓN DA:



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
Dirección Xeral de Política Lingüística

